MYKES

Boletín do Grupo Micolóxico Galego
"Luis Freire"

Volume 24
2021

GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

AGARICALES NA «SENDA DO RÍO EIFONSO» (VIGO, NO. ESPAÑA)

por
A. MELÓN[1] & M. L. CASTRO[2]

MELÓN, A. & CASTRO, M. L. 2021. *Agaricales* na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España). *Mykes* 24: 69-87.

RESUMO

Neste artigo analízanse 54 taxons da «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España) pertencentes á orde *Agaricales*, entre os cales *Clitocybula lacerata* (Scop.) Métrod, *Coprinopsis marcescibilis* (Britzelm.) Örstadius & E.Larss, *Gymnopus aquosus* (Bull.) Antonín & Noordel. e *Leucoagaricus crystallifer* Vellinga son novas citas para Galicia.

Palabras clave: *Agaricales*, *Basidiomycota*, NO. España, *Clitocybula, Coprinopsis*, *Gymnopus*, *Leucoagaricus*.

MELÓN, A. & CASTRO, M. L. 2021. *Agaricales* in «Senda do río Eifonso» (Vigo, NW Spain). *Mykes* 24: 69-87.

SUMMARY

This paper analyses 54 taxa from «Senda do río Eifonso» (Vigo, N.W. Spain) belonging to the orders *Agaricales*, among which *Clitocybula lacerata* (Scop.) Métrod, *Coprinopsis marcescibilis* (Britzelm.) Örstadius & E.Larss, *Gymnopus aquosus* (Bull.) Antonín & Noordel. and *Leucoagaricus crystallifer* Vellinga are new mentions for Galicia.

Keywords: *Agaricales*, *Basidiomycota*, NW Spain, *Clitocybula, Coprinopsis*, *Gymnopus*, *Leucoagaricus*.

Laboratorio Micoloxía, Facultade de Bioloxía, Campus As Lagoas-Marcosende, Universidade de Vigo, E-36310-Vigo; correo: [1]*adrian.melon.r@gmail.com*, [2]l*castro@uvigo.es*

Introdución

O río Eifonso, cunha lonxitude aproximada de 6 quilómetros, nace no límite sur da parroquia de Bembrive (Vigo, Pontevedra) e constitúe un dos afluentes do río Lagares, principal curso fluvial da comarca. Sitúase na rexión Eurosiberiana, no límite entre os pisos bioclimáticos hiperoceánico e oceánico semihiperoceánico, e ombrotipo húmido (Rodríguez & Ramil-Rego, 2007, 2008). Tomando como referencia a estación meteorolóxica situada no Campus As Lagoas-Marcosende (Vigo-Campus), a máis próxima á zona de traballo, a temperatura media anual é de aproximadamente 13 ºC, cunha precipitación media anual de 155 l/m^2 e unha humidade relativa media anual do 77 % (MeteoGalicia, en liña).

Os principais micotopos da zona consisten principalmente nunha ripisilva dominada por *Corylus avellana* L., *Alnus lusitanica* Vit, Douda & Mandák, *Salix* spp. e, en menor medida, *Fraxinus* spp., así como un bosque mixto e diversas plantacións con presenza de algunhas especies autóctonas (*Quercus robur* L. e *Castanea sativa* Miller), reducidas a espazos relictos, e alóctonas (*Pinus pinaster* Aiton, *Eucalyptus globulus* Labill e *Acacia melanoxylon* R.Br.), descritos con maior detalle no traballo de Melón & Castro (2020).

O catálogo é o primeiro dunha serie que pretende realizar unha aproximación á micobiota na «Senda do río Eifonso», lugar de ocio e recreo para a cidade de Vigo.

Metodoloxía

As mostraxes realizáronse semanalmente, entre os meses de setembro de 2019 e xaneiro de 2020, ao longo da «Senda do río Eifonso» PR-G5 (Vigo, 29TNG2671), tal e como indicouse no deseño metodolóxico exposto por Melón & Castro (2020).

Para a recolección dos macromicetos seguiuse a metodoloxía habitual (Bas *et al*., 1988) e en todo momento foi respectada a normativa vixente (DOG, 2020). Os basidiomas foron analizados seguindo as pautas habituais (Basso, 2005, 2012; Charbonnel,

1995, 2004), para ser posteriormente conservados na micoteca da Universidade de Vigo (UVIGO-fungi).

Para a identificación utilizáronse obras xerais, como MOSER (1986) e BREITENBACH & KRÄNZLIN (1991, 1995, 2000), entre outros. Tamen foi necesario recorrer ao uso de monografías como CALONGE (1998), KUYPER (1986), KITS VAN WAVEREN (1985) ou ANTONÍN & NOORDELOOS (2010). Ademais empregáronse artigos especializados, que se indican no apartado de observacións de cada taxon. A taxonomía e a nomenclatura siguen as propostas de CANNON & KIRK (2007) e de INDEX FUNGORUM (2021).

CATÁLOGO DE ESPECIES

Menciónanse por orde alfabética 54 taxons pertencentes á orde *Agaricales*. Ao lado do *binomen* actual, xunto co protólogo nomenclatural, figura o material estudado e a distribución dos taxons (GBIF SECRETARIAT, en liña). Tamén se especifica a distribución de cada taxon a nivel galego indicada na base de datos do Grupo Micolóxico Galego (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2020). No caso de tratarse dun taxon raro ou difícil de separar doutros próximos inclúense algúns datos macro e microscópicos relativos á colección estudada. Todo o material foi recollido por A.Melón (legit).

***Amanita citrina* Pers.**, *Tent. disp. meth. fung.*: 66. 1797
Entre vexetación mixta de eucaliptos, piñeiros e castiñeiros, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 446.

Presente principalmente no Hemisferio Norte e común en Galicia.

***Amanita excelsa* (Fr.) Bertill. *in* Dechambre**, *Dict. Encyclop. Sci. Médic.*, 1(3): 499. 1866
En bosque mixto de carballos e castiñeiros, con presencia de piñeiros, 16-XI-2019, UVIGO-Fungi 447.

Referenciada principalmente en Europa, con algunhas citas

ao longo do Hemisferio Norte. Común en Galicia, aínda que a distribución é difícil de establecer debido ás confusións entre os taxons infraespecíficos (REQUEJO & CASTRO, 2017).

***Amanita muscaria* (L.) Lam.**, *Encycl.,* 1(1): 111. 1783
En ripisilva, baixo abeleiras e castiñeiros, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 448.

Amplamente xeorreferenciada por todo o planeta, tamén en Galicia.

***Amanita pantherina* (DC.) Krombh.**, *Naturgetr. Abbild. Schwämme,* 4: 29. 1836
En bosque mixto, baixo carballo*,* 19-X-2019, UVIGO-Fungi 449.

Frecuente no Hemisferio Norte, especialmente en Europa e América do Norte. Común en Galicia.

***Amanita rubescens* Pers.**, *Tent. disp. meth. fung.*: 67. 1797
Baixo piñeiros, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 450.

Amplamente citada en todo o mundo. Habitual en Galicia e con diversos morfotipos (REQUEJO & CASTRO, 2017). Sospéitase que as especies citadas fora de Europa poden ser incorrectas e pertencer a outras próximas (TULLOSS, 2005).

***Amanita vaginata* (Bull.) Lam.**, *Encycl.*, 1(1): 109. 1783
En bosque mixto, baixo castiñeiro. 19-X-2019, UVIGO-Fungi 451.

Xeorreferenciada principalmente no Hemisferio Norte, especialmente en Europa e América do Norte. Común en Galicia e boa parte da Península Ibérica (CASTRO, 1996), aínda que é difícil establecer a súa distribución con exactitude debido ás confusións con outros taxons similares (REQUEJO & CASTRO, 2017).

***Apioperdon pyriforme* (Schaeff.) Vizzini *in* Vizzini & Ercole**, *Phytotaxa*, 299(1): 81. 2017
≡ *Lycoperdon pyriforme* Schaeff. 1774
En madeira descomposta baixo terra, en bosque mixto baixo castiñeiros, UVIGO-Fungi 452.

Citada ao longo do Hemisferio Norte, especialmente en Europa, con algunhas mencións para o Hemisferio Sur. Pouco citado en xeral en Galicia, especialmente na metade sur.

***Armillaria gallica* Marxm. & Romagn. *in* Boidin, Gilles & Lanq.**, *Bull. trimestriel Soc. mycol. Fr.,* 103(2): 152. 1987
En restos de raíces, en vexetación mixta de piñeiros e frondosas, 2-XI-2019, UVIGO-Fungi 453.

Xeorreferenciada ao longo do Hemisferio Norte, especialmente en Europa. Aparecen citas espalladas pola Península Ibérica (REQUEJO & CASTRO, 2017) e en Galicia, coñécese nas catro provincias.

***Armillaria mellea* (Vahl) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 134. 1871
En restos de raíces, en noiro baixo abeleiras, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 454.

Xeorreferenciada por todo o mundo. Común en Galicia.

***Candolleomyces candolleanus* (Fr.) D.Wächt. & A.Melzer**, *Mycol. Progress*, 19(11): 1233. 2020
= *Psathyrella candolleana* (Fr.) Maire. 1937
En prado húmido, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 455.

Xeorreferenciada en todos os continentes. Común en Galicia.

***Clitocybe costata* Kühner & Romagn.**, *Bull. Soc. Naturalistes Oyonnax*, 8: 73. 1954
Baixo acacias e eucalipto, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 456.

Principalmente xeorreferenciada en Europa. Existen poucas citas no territorio galego, sendo neste caso a terceira para a provincia de Pontevedra.

***Clitocybe nebularis* (Batsch) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 124. 1871
En bosque mixto, baixo castiñeiros, 2-XI-2019, UVIGO-Fungi 457.

Xeorreferenciada especialmente en Europa e América do Norte. Común en Galicia.

***Clitocybe odora* (Bull.) P.Kumm**., *Führer Pilzk.*: 121. 1871
Baixo acacia negra, nunha plantación de eucalipto, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 458.

Amplamente xeorreferenciada no Hemisferio Norte e tamén en Galicia, nas catro provincias.

***Clitocybula lacerata* (Scop.) Métrod**, *Rev. Mycol. (Paris)*: 17(1): 74. 1952

En póla caída de árbore caducifolia non identificada, baixo salgueiros e abeleiras, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 459.

Exemplares novos e de pequeno tamaño, de cor crema. Superficie do píleo lixeiramente radiada, neste caso de apenas 5 mm de ancho. Láminas un pouco decorrentes, bifurcadas. Estipe curto, de 15 mm de longo, cilíndrico, da mesma cor que o píleo. Basidiosporas de 5-6 x 5-6 µm (Q= 1-1,5), esféricas a lixeiramente elípticas, gutuladas, hialinas e amiloides. Basidios tetraspóricos, lixeiramente claviformes, de 20,5-25,6 x 5-6,5 µm. Queilocistidios e pleurocistidios ausentes. Cutícula formada por hifas paralelas lixeiramente pigmentadas de pardo.

Semellante a outras especies con basidiomas collybioides, das que se diferencia polos caracteres microscópicos (especialmente as esporas amiloides) e polo hábitat lignícola. Outras especies de *Clitocybula* son de menor tamaño ou presentan cistidios (Breitenbach & Kränzlin, 1991). Nos exemplares de coloración máis crema e alaranxadas pode confundirse macroscopicamente con *Tubaria romagnesiana* Arnolds.

Xeorreferenciada principalmente no Hemisferio Norte, na Península aparece nos Pirineos, sendo practicamente ausente no interior. Trátase da primeira cita para Galicia.

***Clitopilus scyphoides* var. *intermedius* (Romagn.) Noordel.**, *Persoonia*, 12(2): 158. 1984
Baixo piñeiro e eucalipto, 5-X-2019, UVIGO-Fungi 460.

Xeorreferenciada unicamente ao norte dos Alpes italianos e no sur de Gran Bretaña, e citado en tres ocasións para Galicia na Coruña, Lugo e Pontevedra. Taxon raro, facilmente confundible con *C. scyphoides* var. *scyphoides* (Fr.) Singer e con *C. prunulus* (Scop.) P.Kumm., dos que se diferencia principalmente no tamaño do basidioma (Breitenbach & Kränzlin, 1995).

***Coprinellus micaceus* (Bull.) Vilgalys, Hopple & Jacq.Johnson *in* Redhead, Vilgalys, Moncalvo, Jacq.Johnson & Hopple**, *Taxon*, 50(1): 234. 2001
Baixo acacias e piñeiros, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 461.

Amplamente citado por todo o mundo. Especie común en Galicia.

***Coprinopsis marcescibilis* (Britzelm.) Örstadius & E.Larss.**, *Mycol. Res.*, 112(10): 1180. 2008

≡ *Psathyrella marcescibilis* (Britzelm.) Singer. 1951

Solo moi areoso, baixo salgueiros e unha figueira (*Ficus carica* L.), 19-X-2019, UVIGO-Fungi 462.

Exemplares co píleo de ata 30 mm, visiblemente estriado radialmente e de tonalidades carne, que palidecen cara aa marxee. Láminas adnadas de cor parda tabaco, separadas e bifurcadas, coa marxe non coloreada. Estipe cilíndrico de 80-100 x 2-3 mm, chegando a ate a 120 x 3 mm nalgúns exemplares; crema pálido, amarelento. Basidiosporas de 12 x 8 µm (Q= 1, 5), elipsoides, lisas, de cor parda e con poro apical. Basidios non observados. Queilocistidios utriformes a laxeniformes, hialinos, de 40-50 x 14-16 µm, pleurocistidios ausentes.

Semellante a algunhas especies do xénero *Psathyrella*, no que se incluía anteriormente, e do que se diferencia claramente polos caracteres microscópicos (Breitenbach & Kränzlin, 1995).

Xeorreferenciada principalmente en Europa, espallada na Península Ibérica. Trátase da primeira cita para Galicia.

***Crepidotus caspari* Velen.**, *Mykologia*, 3(5-6): 70. 1926

En póla de abeleira, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 463.

Taxon de distribución pouco coñecida (Requejo & Castro, 2017), xeorreferenciada principalmente en Europa. Especie rara en Galicia, citada en tan só dúas ocasións na provincia de Pontevedra.

***Cuphophyllus virgineus* (Wulfen) Kovalenko**, *Opred. Gribov SSSR*: 37. 1989

En ripisilva, baixo acacia negra e abeleira, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 464.

Xeorreferenciada no Hemisferio Norte, principalmente en Europa. Tamén en Australia e Nova Zelandia. En Galicia mencionase para as catro provincias.

***Delicatula integrella* (Pers.) Fayod**, *Ann. Sci. Nat., Bot., sér. 7*, 9: 313. 1889.

En noiro, sobre briófitas, raíces e restos vexetais, baixo abeleiras, salgueiros e piñeiros, 5-X-2019. Non se conserva *exsiccata*.

Amplamente mencionada na Península Ibérica e ao longo de Europa, pouco para Galicia, aínda que a súa distribución sexa probablemente maior (Requejo & Castro, 2017).

***Dendrocollybia racemosa* (Pers.) R.H.Petersen & Redhead in K.W.Hughes, R.H.Petersen, Jacq.Johnson, Moncalvo, Vilgalys, Redhead, Thomas & McGhee**, *Mycol. Res.,* 105(2): 169. 2001

En restos vexetais e follas na beirada senda, baixo abeleiras e piñeiros, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 465.

Fig. 1. Basidioma de *Dendrocollybia racemosa* (Pers.) R.H.Petersen & Redhead

Xeorreferenciada principalmente en Europa e a costa oeste de América do Norte. En Galicia é unha especie rara, citada unicamente en catro ocasións, aínda que probablemente a súa distribución sexa maior, xa que o pequeno tamaño dificulta a observación [Fig. 1].

***Gymnopus aquosus* (Bull.) Antonín & Noordel. *in* Antonín, Halling & Noordel.**, *Mycotaxon*, 63: 363. 1997

En vexetación mixta, baixo piñeiros, eucaliptos e castiñeiros, 5-X-2019, UVIGO-Fungi 466.

Píleo de 20 a 30 mm, convexo a plano, deprimido en ocasións cara o centro. Cor crema pálido co centro máis acastañado, higrófano especialmente cara amarxe, no que se volve lixeiramente translúcido. Láminas adnadas, apertadas e delgadas, de cor crema. Estipe de ata 70 x 4-6 mm, cilíndrico, de cor amarela a alaranxada pálida, fibriloso, coa base ensanchada en bulbo.

Basidiosporas de 4-6 x 2-3 µm (Q= 2-2,5), de elipsoides a cilíndricas, lisas, hialinas e con apícula visible, non amiloides, ás veces gutuladas. Basidios claviformes, tetraspóricos de 12-14 x 4-6 µm e queilocistidiosde cilíndricos a claviformes, de 20-30 x 4-6 µm. Pleurocistidios non observados con nitidez.

Principalmente xeorreferenciada en Europa, con algunhas citas na costa leste de América do Norte e Rusia. En Galicia só aparece unha mención en Blanco-Dios & Contu (2011), que pola descrición e as fotografías aportadas parece tratarse de *G. foetidus* (Sowerby) P.M.Kirk, tamén estudada para este traballo. Por unha banda o hábitat: *G. foetidus* é lignícola mentres que *G. aquosus* considérase unha especie humícola, e por outra, o estipe aplanado e gradualmente escurecido cara á base, ate chegar a cor parda escura, case negra, é característico de *G. foetidus* (Antonín & Noordeloos, 2010). Neste caso trataríase da primeira cita para Galicia.

***Gymnopus dryophilus* (Bull.) Murrill**, *N. Amer. Fl.*, 9(5): 362. 1916
En bosque mixto, baixo abeleiras, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 467.

Xeorreferenciada en todos os continentes, especialmente en Europa e América do Norte. Taxon común en Galicia.

***Gymnopus erythropus* (Pers.) Antonín, Halling & Noordel.**, *Mycotaxon*, 63: 364. 1997
En restos vexetais, baixo piñeiros e castiñeiros, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 468.

Mencionado principalmente para Europa. Común en Galicia.

***Gymnopus foetidus* (Sowerby) P.M.Kirk**, *IndexFungorum*, 120: 1. 2014

Sobre madeira en descomposición sen identificar, 5-X-2019, UVIGO-Fungi 469. Ídem, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 470.

Xeorreferenciada principalmente en Europa e a costa leste de América do Norte. Taxon pouco frecuente na Península Ibérica (REQUEJO & CASTRO, 2017), e só cinco referencias para Galicia, nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra.

***Hohenbuehelia unguicularis* (Fr.) O.K.Mill. *in* Thorn**, *Mycotaxon*, 25(1): 44. 1986
Sobre madeira en descomposición, probablemente de salgueiro, 5-X-2019, UVIGO-Fungi 471.

Taxon pouco frecuente, principalmente no centro e norte de Europa. En Galicia só se coñece unha cita en Pontevedra, Gándaras de Budiño (REQUEJO & CASTRO, 2017).

***Hydropus floccipes* (Fr.) Singer**, *Sydowia*, 15(1-6): 66. 1962 (1961)
En tronco de carballo, 23-XI-2019, UVIGO-Fungi 472.

Taxon pouco xeorreferenciado en Europa, América do Norte e Xapón. Diferénciase doutras especies similares polos caracteres microscópicos. Citada unha vez en Galicia, na provincia da Coruña, nas Fragas do Eume (BELLÓN & CASTRO, 2008).

***Hypholoma fasciculare* (Huds.) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 72. 1871
Sobre madeira en descomposición de frondosa sen identificar, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 473. En cepa de eucalipto, 2-XI-2019, UVIGO-Fungi 474.

Xeorreferenciado en todos os continentes, especialmente no Hemisferio Norte, aínda que é un taxon cunha distribución difícil de interpretar debido á existencia de taxons infraespecíficos (REQUEJO & CASTRO, 2017). Común en Galicia.

***Inocybe lacera* (Fr.) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 79. 1871
En piñeiral, 23-XI-2019, UVIGO-Fungi 475.

Especie xeorreferenciada principalmente en Europa e América do Norte, en Galicia aparece citado nas catro provincias.

***Inosperma maculatum* (Boud.) Matheny & Esteve-Rav. *in* Matheny, Hobbs & Esteve-Rav.**, *Mycologia*, 10.1080/00275514.2019.1668906: 21. 2019
≡ *Inocybe maculata* Boud. 1885

En bosque mixto, baixo abeleiras, carballos e salgueiros, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 476.

Común en Europa e xeorreferenciado noutras zonas do Hemisferio Norte. Citado só catro veces en Galicia.

***Laccaria amethystina* Cooke**, *Grevillea*,12(63): 70. 1884
En bosque mixto, baixo piñeiros e castiñeiros, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 477.

Taxon xeorreferenciado principalmente en Europa, América do Norte e Centro América. Común en toda Galicia.

***Laccaria laccata* (Scop.) Cooke**, *Grevillea*,12(63): 70. 1884
No medio dunha senda, baixo abeleiras, salgueiros, carballos e piñeiros, 2-XI-2019, UVIGO-Fungi 478.

Xeorreferenciada en todos os continentes, especialmente no Hemisferio Norte. Común en Galicia.

***Lepista nuda* (Bull.) Cooke**, *Handb. Brit. Fung*., 1: 192. 1871
Baixo acacias e eucaliptos, 16-XI-2019, UVIGO-Fungi 479. Baixo abeleiras, 16-XI-2019, UVIGO-Fungi 480.

Xeorreferenciada en todos os continentes, especialmente no Hemisferio Norte, en Europa e América do Norte. Común en Galicia.

***Leratiomyces ceres* (Cooke & Massee) Spooner & Bridge**, *Mycotaxon*, 103: 116. 2008
En bosque mixto, baixo abeleiras e piñeiros, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 481.

Especie de distribución global descoñecida (Requejo & Castro, 2017), amplamente citada en Galicia como *Psilocybe aurantiaca* (Cooke) Noord. e *Stropharia aurantiaca* (Cooke) S.Imai, por confusión nomenclatural con estes taxons.

***Leucoagaricus crystallifer* Vellinga**, *Persoonia*, 17(3): 475. 2000
En ripisilva, baixo abeleiras, 5-X-2019, UVIGO-Fungi 482. En bosque mixto de carballos e abeleiras, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 483.

Píleo de 25 a 35 mm, lixeiramente acampanado e umbonado, lixeiramente fibriloso, de cor crema avermellada no centro que vai atenuándose cara fóra e que se intensifica co secado.

Láminas brancas, lixeiramente crema, apertadas e bastante separadas do pe. Estipe cilíndrico, de ate 70 x 4-5 mm, branco e fibriloso, algo bulboso na base. Anel persistente, ascendente e coa marxe escurecida.

Basidiosporas de 8-10 x 3-4 µm (Q≈2 µm), dextrinoides, oblongas, de ápice redondeado e con papila subapical. Basidios non observados con nitidez. Pleurocistidios non observados. Queilocistidios de 50-60 x 10-12 µm, abundantes, cilíndricos o fusiformes a lixeiramente utriformes, hialinos e a miúdo con cristais incrustados no ápice, característicos na especie e coincidentes coa descrición de Noordeloos et al.(2001) [Fig. 2-3].

Fig. 2. Basidioma de *Leucoagaricus crystallifer* Vellinga

Trátase dun taxon escasamente xeorreferenciado, só para o Centro e Norte de Europa, Gran Bretaña e Illas Canarias. Constitúe a primeira cita en Galicia.

***Leucoagaricus serenus* (Fr.) Bon & Boiffard**, *Bull. trimest. Soc. mycol. Fr.*, 90(4): 301. 1975 (1974)
En bosque mixto baixo abeleiras e piñeiros, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 484.

Fig. 3. Queilocistidios de *Leucoagaricus crystallifer* Vellinga

Especie xeorreferenciada principalmente en Europa e Nova Zelandia. Rara en Galicia.

***Lycoperdon nigrescens* Pers.**, *Neues Mag. Bot.,* 1: 87. 1794
En ripisilva, baixo abeleiras e salgueiros, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 485.

Taxon xeorreferenciado principalmente no Hemisferio Norte, especialmente en Europa e América do Norte. Pouco citado en Galicia, neste caso por terceira vez para a provincia de Pontevedra.

***Macrolepiota mastoidea* (Fr.) Singer**, *Lilloa*, 22: 417. 1951 (1949)
Baixo acacias e eucaliptos, 16-XI-2019, UVIGO-Fungi 486.

Taxon de distribución principalmente europea, común en Galicia.

***Marasmiellus candidus* (Fr.) Singer**, *Pap. Michigan Acad. Sci., Part 1,* 32: 129. 1948 (1946)

En pólas caídas de árbore sen identificar, baixo salgueiros, 2-XI-2019, UVIGO-Fungi 487.

Referenciada de forma dispersa en todos os continentes, especialmente en Europa e América do Norte. Común en Galicia.

***Mycena aetites* (Fr.) Quél.**, *Mém. Soc. Émul. Montbéliard, sér.* 2, 5: 242. 1872
Sobre restos vexetais, baixo acacias, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 488.

Os caracteres tanto macroscópicos como microscópicos coinciden coa descrición en BREITENBACH & KRÄNZLIN (1991) salvo na lonxitude dos cistidios, que son algo maiores na colección estudada.

Xeorreferenciada principalmente en Europa. Especie pouco común en Galicia, constituíndo neste caso a terceira cita.

***Mycena corynephora* Maas Geest.**, *Proc. Kon. Ned. Akad. Wetensch., ser. C, Biol. Med. Sci.,* 86(3): 407. 1983
En ripisilva, baixo abeleiras, salgueiros e ameneiros, 23-XI-2019, UVIGO-Fungi 489.

Taxon xeorreferenciado principalmente en Europa Central e do Norte, tamén na Península Ibérica. En Galicia só aparece citada en Pontevedra.

***Mycena epipterygia* (Scop.) Gray**, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1: 619. 1821
En restos vexetais, baixo acacias, abeleiras e castiñeiros, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 490.

Taxon referenciado principalmente no Centro e Norte de Europa, aínda que aparece amplamente citado no territorio galego.

***Mycena galericulata* (Scop.) Gray**, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1: 619. 1821
Sobre tronco de frondosa, xunto a ameneiros e abeleiras, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 491.

Xeorreferenciada en todos os continentes, principalmente no Hemisferio Norte. Común en Galicia.

***Mycena seynii* Quél.**, *Bull. Soc. Bot. France,* 23: 351. 1876
En piñeiral, 5-X-2019. Non se conserva *exsiccata*.

A pesar de ser moi frecuente está escasamente xeorreferenciada, coñécese espallada ao longo de Europa, incluída a rexión Mediterránea. Común en Galicia.

***Paralepista flaccida* (Sowerby) Vizzini *in* Vizzini & Ercole**, Mycotaxon, 120: 262. 2012
En restos vexetais, baixo abeleira, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 492.

Frecuente e abundante en Europa. Tamén en Galicia.

***Pleurocybella porrigens* (Pers.) Singer**, *Mycologia*, 39(1): 81. 1947
En cepa de árbore sen identificar, baixo eucaliptos, acacias e piñeiros, 16-XI-2019, UVIGO-Fungi 493.

Taxon amplamente xeorreferenciado no Hemisferio Norte. Só aparece citado en Galicia unha vez (CASTRO, 1985).

***Psathyrella corrugis* (Pers.) Konrad & Maubl.**, *Encycl. Mycol.*, 14: 123. 1949 (1948)
Solo moi areoso, baixo salgueiros e figueira, 8-XII-2019, UVIGO-Fungi 494.

Xeorreferenciada amplamente no Hemisferio Norte. Existen poucas citas en Galicia, a meirande parte na provincia de Pontevedra.

***Psathyrella laevissima* (Romagn.) Singer**, *Beih. Nova* Hedwigia, 29: 197. 1969
En cepa de árbore sen identificar, probablemente acacia negra, 14-XII-2019, UVIGO-Fungi 495.

Taxon xeorreferenciado principalmente en Europa, aínda que con escasas citas. Pouco citado no territorio galego, constitúe neste caso a terceira cita para a provincia de Pontevedra.

***Psathyrella piluliformis* (Bull.) P.D.Orton**, *Notes Roy. Bot. Gard. Edinburgh,* 29(1): 116. 1969
En cepa de eucalipto, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 496.

Xeorreferenciada amplamente no Hemisferio Norte. Común en Galicia.

***Pseudosperma rimosum* (Bull.) Matheny & Esteve-Rav. *in* Matheny, Hobbs & Esteve-Rav.**, *Mycologia*,

10.1080/00275514.2019.1668906, 31. 2019
En noiro, baixo carballos e castiñeiros, 23-XI-2019, UVIGO-Fungi 497.

Foron observados pleurocistidios case esféricos, a miúdo con pigmento pardo en reactivo Melzer, ademais dos mencionados por KUYPER (1986).

Taxon xeorreferenciado no Hemisferio Norte, principalmente en Europa, América do Norte e Xapón. Común en Galicia.

***Rhodocollybia butyracea* (Bull.) Lennox**, *Mycotaxon*, 9(1): 218. 1979
En bosque mixto, baixo abeleiras, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 498.

Frecuente na meirande parte do Hemisferio norte, aparecendo tamén en Australia. Trátase dunha especie amplamente citada no territorio galego.

***Rhodocollybia prolixa* var. *distorta* (Hornem.: Fr.) Antonín, Halling & Noordel.**, *Mycotaxon*, 63: 365. 1997
Noiro baixo acacias, abeleiras e castiñeiros, 23-XI-2019, UVIGO-Fungi 499.

Xeorreferenciada principalmente en Centro e Norte de Europa, tamén nas Illas Británicas. Pouco citada en Galicia, sendo neste caso a segunda cita na provincia de Pontevedra.

***Typhrasa gossypina* (Bull.) Örstadius & E.Larss. *in* Örstadius, Ryberg & E.Larss.**, *Mycol. Progr.*, 14(25): 33. 2015
En restos vexetais, baixo eucaliptos, freixos e castiñeiros, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 500.

Especie xeorreferenciada principalmente en Europa. Pouco citada en Galicia, especialmente na metade sur.

Referencias bibliográficas

Antonín, V.,& Noordeloos, M.E. 2010. *A Monograph of marasmioid and collybioid fungi in Europe*. Eching. IHW Verlag.

Bas, C., Kuyper, Th.W., Noordeloos, M.E. & Vellinga, E.C. (Eds.) 1988. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti ocurring in the Netherlands. Vol. I*. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.

Basso, M.T. 2005. *Manuale di microscopia dei funghi*. Alassio. Libreria Mykoflora.

Basso, M.T. 2012. *Manuale di microscopia dei funghi, vol. 2*. Vilanova d'Albenga. Libreria Mykoflora.

Bellón, X. & Castro, M.L. 2008. Novas aportacións ao catálogo de *Agaricales* s. lato no Parque Natural "As Fragas do Eume" (A Coruña). *Mykes*, 11: 17-40.

Blanco-Dios, J.B. & Contu, M. 2011. Notas sobre el género *Gymnopus* en Galicia. *Tarrelos*, 13: 22-25.

Breitenbach, J. & Kränzlin, F. 1991. *Champignons de Suisse. Tome 3. Bolets et champignons à lames, 1ère partie. Strobilomycetaceae et Boletaceae, Paxillaceae, Gomphidiaceae, Hygrophoraceae, Tricholomataceae, Polyporaceae (lamellées).* Lucerne. Mykologia.

Breitenbach, J. & Kränzlin, F. 1995. *Champignons de Suisse. Tome 4. Champignons à lames, 2ème partie. Entolomataceae, Pluteaceae, Amanitaceae, Agaricaceae, Coprinaceae, Bolbitiaceae, Strophariaceae.* Lucerne. Mykologia.

Breitenbach, J. & Kränzlin, F. 2000. *Champignons de Suisse. Tome 5. Champignons à lames, 3ème partie. Cortinariaceae.* Lucerne. Mykologia.

Calonge, F.D. 1998. *Flora Mycologica Iberica. Vol. 3: Gasteromycetes I. Lycoperdales, Nidulariales, Phallales, Sclerodermatales, Tulostomatales*. Stuttgart. J.Cramer.

Cannon, P.F.& Kirk, P.M. 2007. *Fungal Families of the World*. Wallingford. CABI Publishing.

Castro, M.L. 1985. Macromicetos de los pinares gallegos (resumen Tesis doctoral). Santiago de Compostela. Imprenta Universitaria.

Castro, M.L. 1996. Catálogo del género Amanita Pers. ex Hook. (*Agaricales*) en Galicia (España). *Anales Jard. Bot. Madrid*, 54(1): 61-67.

Charbonnel, J. 1995. *Les réactifs mycologiques. Tome 1. Les réactifs macrochimiques*. Ajain. Ed. Jacques Charbonnel.

Charbonnel, J. 2004. *Les réactifs mycologiques. Aide pratique à l'étude*

microscopique des champignons. Tome 2. Les réactifs microchimiques. Bienne. Ed. Jean-Claude David-Rogeat.

D.O.G. 2020. Decreto 73/2020, de 24 de abril, por el que se regulan los aprovechamientos madereros y leñosos, de corcho, de pastos, micológicos y de resinas en montes o terrenos forestales de gestión privada en la Comunidad Autónoma de Galicia. D.O.G. 97: 20716-20807.

GBIF Secretariat. 2021. *GBIF Backbone Taxonomy. Checklist dataset* (enliña). Dispoñible en: https://www.gbif.org/ [consulta: 25/07/2021].

IndexFungorum. 2021.*Nomenclatural Database Index Fungorum Partnership* (en liña). Dispoñible en: *http://www.indexfungorum.org/Names/Names.asp* [consulta: 25/07/2021].

Kits van Waveren, E. 1985. The Dutch, French and British species of *Psathyrella*. *Persoonia suppl.*, 2(1):3-300.

Kuyper, T.W. 1986. A revisión of the Genus *Inocybe* in Europe. I. Subgenus *Inosperma* and the smooth-spored species of Subgenus *Inocybe*. *Persoonia suppl.,* 3(1):1-247.

Melón, A. & Castro, M.L. 2020. Análise comparada da micobiota entre a ripisilva e un bosque mixto na «Senda do río Eifonso» (Vigo). *Mykes*, 23: 141-153.

MeteoGalicia. 2021. Datos Históricos da Estación Meteorolóxica Vigo-Campus (en liña). Dispoñible en: *https://www.meteogalicia.gal/observacion/estacionshistorico/historico.action?idEst=10161* [Consulta: 25/07/2021]

Moser, M.M. 1986. *Guida alla determinazione dei funghi (Polyporales, Boletales, Agaricales, Russulales) 2. ed. riveduta e corretta*. Trento. Saturnia.

Noordeloos, M.E., Kuyper, Th.W. & Vellinga, E. C. (eds.) 2001. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands. Vol. 5*. Rotterdam. Ed. A.A.Balkema.

Requejo, O. & Castro, M.L. 2017. Micobiota de la ZEC Gándaras de Budiño (Pontevedra, NO. Península Ibérica). *Guineana*, 22: 3-216.

Rodríguez, M.A. & Ramil-Rego, P. 2007. Clasificaciones climáticas aplicadas a Galicia: revisión desde una perspectiva biogeográfica. *Recusos Rurais*, 1(3): 31-53.

Rodríguez, M.A. & Ramil-Rego, P. 2008. Fitogeografía de Galicia (NW Ibérico): análisis histórico y nueva propuesta corológica. *Recusos Rurais*, 1(4): 19-50.

Rodríguez-Vázquez, J. & Castro, M.L. 2020. *Micoga. Base de datos de*

información corolóxica da micobiota galega (en liña). Dispoñible en: *https://www.mykes.es/busquedas* [Consulta: 3/07/2021].

TULLOSS, R.E. 2005. *Amanita* - distribution in the Americas with comparison to Easternand Southern Asia and notes on spore character variation with latitude and ecology. *Mycotaxon*, 93: 189-231.

MYKES
VOLUME 24, 2021
ÍNDICE

MICOBIOTA

CASTRO, M.L.
Aportación ao coñecemento da macrobiota do Alto Minho, Portugal (III):
freguesías de Pias e Riba de Mouro, Monção..... 9

CASTRO, M.L.
Aportacións á micobiota de Trás-os-Montes (V): «Parque Biológico de Vinhais» (II)..... 37

ALBIZÚA, T. & CASTRO, M.L.
Catálogo das ordes Leotiales e Pezizales (Ascomycota) e Boletales, Cantharellales, Geastrales e Phallales
(Basidiomycota) na «Senda da Auga» (Redondela, NO. España)..... 49

MELÓN, A. & CASTRO, M.L.
Agaricales na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)..... 69

MELÓN, A. & CASTRO, M.L.
Boletales, Cantharellales e Polyporales na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)..... 89

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F.
Aportacións ao coñecemento da biodiversidade de Myxomycetes (Amoebozoa)
de Galicia (NO. da Península Ibérica)..... 101

FRAGMENTA CHOROLOGICA GALLAECICA

GAREA, M. & REQUEJO, O.
Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi 385-390..... 131

COMUNICACIÓNS

ALBIZÚA, T. & CASTRO, M. L.
Deseño de dúas rutas micolóxicas na «Senda da Auga» (Redondela, NO. de España):
descrición, proposta de sinalización e divulgación..... 137

ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. & REQUEJO, O.
Estado actual do estudo dos Myxomycetes (Eumycetozoa) en Galicia (NO. Península Ibérica) I:
Antecedentes históricos..... 145

CASTRO, M. L.
Clave xénero Pisolithus (Sclerodermataceae)..... 159

MISCELÁNEAS

Actividades do Grupo Micolóxico Galego. Ano 2021 167

Instrucións aos autores..... 169

GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA